



REF: TR852A 2021-22

*Orde do 26 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas accións de fomento da prevención de riscos laborais e se procede ás súas convocatorias na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2021.*

Entidade: Asociación de empresas del cerramiento de Galicia ACEGAL

## ANTECEDENTES

Primeiro. A entidade Asociación de empresas del cerramiento de Galicia ACEGAL co NIF G36274306 presenta o 12 de maio de 2021 unha solicitude de axudas para actividades previstas na Liña 2 (de carácter sectorial) da Orde de convocatoria.

Segundo. A comisión de valoración prevista no artigo 23 da orde de convocatoria reuniuse o 26 de xullo de 2021 e unha vez avaliadas todas as solicitudes presentadas e admitidas, elabora informe para determinar a contía máxima das subvencións. O subdirector xeral de Relacións Laborais en data 27 de xullo de 2021, á vista do citado informe, eleva proposta de resolución ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade de conformidade co disposto no artigo 26 e a disposición adicional primeira da orde de convocatoria de axudas.

Segundo. Na tramitación deste expediente aplícase o procedemento establecido para o efecto na dita Orde de 26 de marzo de 2021, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceiro. Unha vez concluída a avaliación de solicitudes en relación cos requisitos que se esixen na orde de convocatoria, en base ao informe de Comisión de Avaliación e vista a proposta da Subdirección xeral de Relacións Laborais,





RESOLVO:

Primeiro. **Conceder** á entidade Asociación de empresas del cerramiento de Galicia ACEGAL, NIF G36274306 unha axuda consonte ao detalle das actuacións obxecto de subvención e, de ser o caso, a porcentaxe de cofinanciamento especificada na solicitude que deberá ser debidamente xustificada.

Segundo. A solicitude concedida é conforme ao seguinte

- Importe: 27.840,00 €

LIÑA 2	
Accións	Importe
Teórico práctico operador de plataformas elevadoras	7.500,00 €
Teórico práctico operador ponte guindastre	6.000,00 €
Teórico práctico operador ponte guindastre autocargante	6.000,00 €
PRL para traballadores de Carpintería Metálica +55 anos	890,00 €
Coordinación de actividades empresariais nas carpinterías metálicas que van a obras de construción	890,00 €
Traballo con risco de exposición ao Amianto para as carpinterías metálicas	890,00 €
Prevenção de accidentes in itinere para traballadores do sector do cerramento	890,00 €
Normativa de prevención na instalación de fiestras	890,00 €
Teórico práctico de operador de carretillas elevadoras	3.000,00 €
Prevenção de riscos ergonómicos nas carpinterías metálicas	890,00 €

Terceiro. Notificar esta resolución á entidade para o seu coñecemento e para os efectos oportunos. Dispón de 10 días hábiles que contan a partir da data de notificación desta resolución para comunicar a este centro directivo a aceptación desta subvención. Transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Cuarto. Tal como se establece no artigo 28 da Orde de 26 de marzo de 2021 de convocatoria das axudas, as accións subvencionables terán como data límite de realización o 31 de outubro





de 2021, e o prazo para a presentación da documentación xustificativa será ata o 11 de novembro de 2021,

O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación da documentación no prazo e forma sinalados nos artigos 29, 30 e 31 da orde de convocatoria.

Quinto. Así mesmo, lémbbraselle á entidade beneficiaria que debe cumprir as obrigas contempladas no artigo 33 da orde de convocatoria.

*Ademáis a entidade beneficiaria, no caso de que as actividades formativas deban realizarse con menos de 15 participantes, debe solicitar autorización previa á Subdirección Xeral de Relacións Laborais.*

Contra esta resolución poderase interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que o acto, no prazo dun mes que contan a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que contan a partir do día seguinte ao da notificación, do conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data que se reflicte na sinatura electrónica

A Conselleira de Emprego e Igualdade

(PD art. 26 e disp. Adicional 1ª da orde do 26 de marzo de 2021)

A directora xeral de Relacións Laborais

Elena Mancha Montero de Espinosa

